



# Global express

A actualidade na aula

## Irak: en portada



DAVID CALLOW/AP

A crise entre Iraq e as Nacións Unidas volve polariza-la política internacional. Os argumentos a favor e en contra da intervención son moi diversos. Os múltiples intereses en conflito non aclaran o porqué dun ataque internacional contra Iraq.

Global Express ofrece unha análise sobre os diferentes protagonistas do conflito e os seus posibles intereses: Estados Unidos, Iraq, o pobo iraquí e as Nacións Unidas como escenario onde tódolos xogadores moven as súas fichas.

 **Intermón  
Oxfam**  
Fundación para o Terceiro Mundo

- ¿Unha guerra contra o terrorismo?
- 'Iraq, no punto de mira'
- Opinións contradictorias
- Unha terra cobizada
- Vivir en Iraq
- Os equilibrios da paz
- Consello de Seguridade
- As razóns de Estados Unidos
- Seguridade ou petróleo?
- Guía didáctica

sumario

# ¿Unha guerra contra o terrorismo?

## ¿Unha guerra contra o terrorismo?



Os ataques terroristas do 11 de setembro de 2001 foron o disparo de saída da xesta norteamericana do novo século: a guerra contra o terrorismo. Aínda que Estados Unidos sinalou como responsable dos atentados á organización Al Qaeda e, por extensión, ó goberno talibán que dirixía Afganistán, onde Al Qaeda tiña a súa base, pouco despois Bush incluíu no "eixe

do mal" outros países supostamente implicados no terrorismo internacional, e sinalou a Iraq como a prioridade da súa loita contra o terrorismo. Os primeiros apoios internacionais que recibiu Bush foron do presidente británico, Tony Blair, e do español, José María Aznar.

## "Iraq, no punto de mira"

### "Iraq, no punto de mira"



A principal razón esgrimida por Estados Unidos e os seus aliados a prol dunha intervención militar en Iraq é a ameaza que para a paz mundial supón o desenvolvemento de "armas de destrución masiva" -químicas, biolóxicas e nucleares-. Estados Unidos e Gran Bretaña, principais defensores do ataque, din ter probas de que Iraq fabricou novas armas de destrución masiva, e incluso aseguran que Saddam Hussein utilizou parte dos ingresos procedentes do programa "Petróleo por alimentos" NOTA DEL TRADUCTOR: Aunque en el original aparece "Petróleo por comida" lo he traducido por "Petróleo por alimentos" porque me parece que es la denominación específica de este programa. Por lo menos es la que se escucha en todos los medios de comunicación. En caso de que se desee mantener "Petróleo por comida" la traducción es idéntica "Petróleo por comida". Como se puede comprobar lo he substituído en todas las ocasiones que aparece. para financia-lo rearmamento do país. Este diñeiro estaba destinado a alimentación, roupa e medicinas para o pobo iraquí, sen dúbida a principal vítima dos embargos que Nacións Unidas aplicou

sobre Iraq como castigo pola invasión de Kuwayt en 1991. A resolución 687 das Nacións Unidas, de abril de 1991, estableceu a necesidade de supervisa-lo desarmamento do réxime de Bagdad, ó que se acusaba de desenvolver armas biolóxicas, químicas e nucleares. Con este fin, Nacións Unidas creou a Comisión Especial para o Desarmamento de Iraq (UNSCOM), que traballou xunto coa Axencia Internacional da Enerxía Atómica na supervisión do proceso de desarmamento do réxime de Hussein. En 1998, novos conflitos entre Estados Unidos e Iraq, e acusacións de que algúns inspectores da ONU traballaban para a CIA, provocaron a retirada dos mesmos e o comezo da operación Raposo do Deserto. Desde entón, non parece que haxa probas formais desta produción de armas por parte de Iraq. De feito, un ex-inspector da ONU de nacionalidade norteamericana, Scott Ritter, afirmou publicamente que "durante os sete anos de inspeccións realizadas pola ONU, se puido certificar que Iraq se desarmou nun 90-95% da súa capacidade, e que se desmantelaron tódalas fábricas usadas para producir armas de destrución masiva".

## Opinións contradictorias

### Opinións contradictorias




Ante a forte presión internacional e de EE.UU., Iraq aceptou a resolución imposta polo Consello de Seguridade das Nacións Unidas: o retorno incondicional dos inspectores internacionais para investigar e verifica-la presenza ou non de programas de desenvolvemento e fabricación de armas de destrución masiva.

As aparentes facilidades dadas polo réxime iraquí aínda polarizaron máis as posicións internacionais. Os países árabes, Alemaña e Francia optaron por espera-los informes dos inspectores antes de propoñer calquera acción contra Iraq co apoio das Nacións Unidas. En cambio, para Estados Unidos e Gran Bretaña, a única solución real para remata-lo conflito é un cambio de réxime en Iraq que expulse definitivamente do poder ó dictador Saddam Hussein. Con este fin impulsaron


procesos de apoio á resistencia iraquí no interior e no exterior do país, para que a intervención internacional poida facilitar un cambio de goberno en Iraq. Trátase dunha estratexia similar á utilizada en Afganistán pouco despois do ataque ás torres xemelgas de Nova York. Pero, ó igual ca en Afganistán, non existe ningunha garantía de que despois da caída do dictador se poida impulsar un proceso democrático real, pois as forzas opositoras ó réxime son moi débiles e están enfrontadas entre si. Un réxime democrático real en Iraq só poderá ter éxito se se reduce a pobreza que lle afecta ó 90% da poboación iraquí e se fortalecen os procesos participativos da sociedade civil para que poida exercer con plenas garantías a defensa dos seus dereitos económicos, sociais e culturais.

# Unha terra cobizada

## Unha terra cobizada




As riquezas naturais e culturais do territorio onde se asenta o estado de Iraq foron a causa das súas maiores glorias, e tamén das maiores desgracias. Durante dous mil anos, esta terra entre os ríos Tigre e Eufrates foi o berce da civilización de Mesopotamia e formou parte do imperio de Babilonia e do imperio persa. A invención da escritura, a roda ou a álgebra atribúeselles ós poboadores desta rexión durante estas épocas de esplendor. Os primeiros saqueos foron responsabilidade dos mongois. Máis tarde, o imperio turco dominou a área ata 1900, ano en que foi derrotado polas tropas inglesas, que colonizaron a rexión. En 1932 Iraq declarábase independente e asumía un papel decisivo na política internacional da rexión. Foi un dos primeiros membros das Nacións Unidas e fundador da Liga dos Países Árabes. A chegada ó poder de Saddam Hussein, en 1979, foi o detonante dun conflito armado co país veciño de Irán que durou oito anos. Iraq era por aquel entón o aliado das potencias internacionais contra o integrista iraniano, e recibiu o apoio de Francia, Rusia e mesmo de Estados Unidos. Unhas



amizades que resultaron moi perigosas cando Iraq invadiu o pequeno pero cobizado territorio petrolero de Kuwait. Empezou a ofensiva "Tormenta do deserto". Unha tormenta que aínda castiga a poboación civil iraquí.

# Vivir en Iraq

## Vivir en Iraq



O que parece certo é que nos máis de dez anos que transcorreron desde a invasión de Kuwait por parte de Iraq -que supuxo a ruptura das relacións cordiais deste país con Estados Unidos e coas Nacións Unidas-, as únicas vítimas foron os homes, mulleres e nenos que viven en Iraq e sofren día a día a represión do seu presidente, Saddam Hussein, e do embargo decretado pola ONU como castigo á invasión de Kuwait. Unha invasión e unha guerra que duraron sete meses. As sancións duran ata hoxe en día.

A ONU impúxolle a Iraq un embargo económico que lle impedía exportar e importar calquera tipo de mercadoría, incluídas as consideradas de primeira necesidade. Con estas sancións pretendíase obriga-lo réxime de Hussein a destruír tódalas armas químicas, biolóxicas e nucleares de que dispuxese. Despois deste período, morreron 900.000 nenos menores de cinco anos por mor das sancións, e Iraq rexistra unha das taxas de mortalidade infantil máis altas do mundo, mentres que antes de 1991 contaba cun dos sistemas sanitarios máis avanzados de Oriente Medio. A esperanza de vida baixou ata os 57 anos. A fame afecta a unha quinta parte da poboación, e a comida é tan escasa que as familias vense obrigadas a comer por quendas. Os xoguetes para os nenos ou os materiais educativos tamén forman parte do pasado. Ademais, o illamento internacional de Iraq anulou calquera intento de oposición interna ó réxime, que endureceu a represión cara a aquelas poboacións ás que consideraba desleais, como ocorreu coa represión ó pobo curdo, que provocou o desprazamento de máis de 90.000 curdos que vivían ó norte do país. As sancións seguen en vigor. E, ademais, as cidades e os poboados iraquís

sufriron repetidos bombardeos por parte dos avións norteamericanos e ingleses cando pretendían atacar as instalacións militares de Hussein para defende-la poboación: tamén se bombardearon escolas, hospitais ou fábricas de medicamentos.

## PETRÓLEO por alimentos

Para contrarresta-los efectos devastadores das sancións na poboación civil iraquí, Nacións Unidas deseñou co Goberno iraquí o programa "Petróleo por alimentos", que lle permitía a Iraq exportar cantidades limitadas de petróleo para poder mercar medicamentos e comida. Pero este programa foi suspendido antes de que lle puidese proporcionar algún alivio á poboación. Estados Unidos e maila comunidade internacional acusaron ó réxime de Saddam de utiliza-los recursos obtidos coa venda de petróleo para programas de armamento.

**"Qué lles importa ás viúvas, ós orfos, ós desvalidos... se os massacres se fan en nome do totalitarismo ou no sagrado nome da liberdade e da democracia."**

MAHATMA GHANDI

# Os equilíbrios da paz

## Os equilíbrios da paz



Despois do 11 de setembro e do anuncio por parte de Bush dunha loita sen cuartel contra o "eixe do mal" e contra o terrorismo internacional, o perigo dunha actuación unilateral por parte de Estados Unidos, sen consultar con outros países, denunciouse publicamente unha e outra vez. Especialmente por parte dos países do sur, que prefiren confiar nos foros multilaterais como as Nacións Unidas. Estas críticas reflicten o temor á hexemonía de EE.UU. e o efecto deste dominio sobre o papel das NN.UU. Cando a antiga Unión Soviética se afundiú hai máis de dez anos, chegouse a crer que gran parte do diñeiro que se dedicaba á fabricación de armas para a guerra fría se podería utilizar no desenvolvemento dos países do sur. É o que se chamou "dividendos da paz". Pero esta paz aparente nacía baixo a sombra de Estados Unidos como superpotencia en solitario, co risco de que abandonara o seu papel de "policía mundial" e empezara a actuar libremente segundo os seus propios intereses. Co apoio do Consello de Seguridade e das Nacións Unidas, ou sen el. Finalmente, o pasado 8 de novembro, o Consello de Seguridade das Nacións Unidas adoptou unanimemente a resolución 1441 presentada por Estados Unidos. Trátase da última oportunidade que a comunidade internacional lle dá a Iraq para que acepte a

entrada sen restriccións dos inspectores da ONU que deben certifica-lo desarmamento de Iraq. O derradeiro parágrafo da resolución lembra que "o Consello avisou repetidamente a Iraq de que afrontaría graves consecuencias como resultado da continua violación das súas obrigas". Con esta resolución, Estados Unidos conseguiu o apoio para coaccionar a Iraq, ameazalo e, se é necesario, actuar. Pola súa banda, o Consello de Seguridade consegue conter, momentaneamente, unha nova guerra que non conta co apoio da maioría dos membros do Consello e da asemblea das Nacións Unidas. A nova crise con Iraq puxo en evidencia a desconfianza da comunidade internacional cara á política exterior de Estados Unidos. Durante a operación Tormenta do Deserto, unha gran coalición de 28 países -incluídos 13 países árabes e musulmáns- apoiou a Estados Unidos. En 1998, unha crise no traballo dos inspectores das Nacións Unidas provocou a operación Raposo do Deserto, na que EE.UU. e Gran Bretaña levaron a cabo ataques a puntos estratéxicos de Iraq sen o apoio da ONU. Nese momento EE.UU. recibiu o apoio de 20 países, dos cales só dous eran do sur. Ningún deles apoia neste momento o novo conflito.

## O Consello de Seguridade

### O Consello de Seguridade



O Consello de Seguridade é o organismo de maior poder de decisión e actuación nas Nacións Unidas. Está formado por cinco membros permanentes con dereito de veto sobre calquera resolución: Estados Unidos, Inglaterra, Francia, China e Rusia, como herdanza da fin da Segunda Guerra Mundial. Tamén forman parte dez países non permanentes, que se renovan periodicamente. No seu conflito con Iraq, Estados Unidos só conta, de momento, co apoio dun dos seus membros: Gran Bretaña. A resposta dos outros tres -China, Francia e Rusia- varía desde o cuestionamento ata a oposición frontal. Fóra do Consello de Seguridade, Alemaña (membro non permanente

do Consello de Seguridade a partir de xaneiro de 2003) afirmou que non apoiará a guerra contra Iraq baixo ningunha circunstancia. India tamén expresou a súa preocupación, e as opinións están particularmente acendidas no mundo árabe. Arabia Saudita, cun apoio que foi clave no éxito da primeira guerra contra Iraq, afirmou que non vai ofrecer ningún apoio nesta ocasión, a pesar da ameaza de ser sancionada pola ONU. De feito, o principal argumento dos países árabes é que a comunidade internacional debería resolver primeiro o conflito arabe-israelí antes de considerar calquera ataque contra Iraq.


## ESPAÑA no conflito

Un dos gobernos que máis rapidamente expresou o seu apoio incondicional á política de George Bush sobre Iraq foi o de José María Aznar. En repetidas ocasións, o Goberno español mantivo unha actitude favorable a un ataque preventivo contra Iraq, e puxo ó dispor de Estados Unidos os efectivos do exército español. Este posicionamento provocou a renuncia do encargado de negocios de España en Bagdad, Fernando Valderrama, ó considerar que "as leis internacionais non avalan o ataque preventivo e o Goberno debe aterse a elas porque así o determina a Constitución. Pero a nosa política é estar con Estados Unidos e agora sabémo-lo que significa". O próximo mes de xaneiro

España pasará a formar parte do Consello de Seguridade da ONU como membro non permanente. Será a cuarta vez que España teña esta responsabilidade, e será nun momento especialmente delicado, entre a determinación norteamericana para atacar a Iraq e a ambivalencia e as dúbidas da Unión Europea fronte a Washington. De feito, Estados Unidos anunciou que en caso de comeza-lo ataque, o fará a principios de 2003. Xusto cando España empece a participar nas decisións do Consello.

# As razóns de Estados Unidos

## As razóns de Estados Unidos



A política exterior de Estados Unidos desde que empezou este século céntrase no concepto de "acción preventiva". O obxectivo de Bush é garanti-la seguridade de Estados Unidos e do mundo enteiro baseándose na superioridade militar e nas guerras preventivas, en lugar da contención e a disuasión. Ante a posibilidade de que algún dos países membros do "eixe do mal" poida atacar ou dar apoio a calquera ataque terrorista contra os cidadáns norteamericanos, a única solución posible é adiantarse e atacar primeiro para destruír calquera estrutura, material ou humana, que poida apoiar os grupos terroristas internacionais. Non obstante, mentres Bush se prepara para

a guerra contra Iraq e para destruír tódalas armas de destrución masiva de que poida dispoñer-lo Goberno de Hussein, a política exterior norteamericana baseouse na manipulación ou no rexeitamento de tódolos tratados e acordos internacionais que prohiben ou pretenden eliminar estas armas mortíferas. Ó rexeitaren someterse eles mesmos ás normas de desarmamento que lles esixen ós demais países, impiden construír unha seguridade internacional baseada nos acordos e nos tratados, a única vía que en realidade lle pode ofrecer seguridade a longo prazo a toda a cidadanía mundial.

## ¿Seguridade ou petróleo?

### ¿Seguridade ou petróleo?



Ata 1972, EE.UU. producía no seu territorio o 70% dos hidrocarburos que consumía. Nestes momentos, soamente produce o 46%. Agora depende do mercado internacional do petróleo, que está dominado pola Organización de Países Produtores de Petróleo, a OPEP, da que son membros países como Iraq ou Irán, os dous incluídos no "eixe do mal" definido por George Bush. De feito, Iraq ten no seu subsolo a segunda reserva petrolífera máis grande do mundo. Quen controle o petróleo do subsolo de Iraq, e tamén o de Irán, controlará o acceso ás principais fontes petrolíferas. O interese económico da rexión consolídase cada vez máis como unha das principais razóns -se non a principal- de Estados Unidos para intervir en Iraq. Nestes momentos xa controla -de forma máis ou menos directa- Afganistán e Paquistán. Co control de Iraq, primeiro, e de Irán, nun futuro, Estados Unidos apoderaríase das principais reservas e rompería o control da OPEP sobre a produción e os prezos do petróleo, ademais de asegurar todo o petróleo que a sociedade norteamericana necesita para os próximos 50 anos. Esta segunda motivación de Estados Unidos para atacar Iraq e acabar co réxime de Saddam Hussein denunciouse publicamente nos foros internacionais, especialmente desde

algunhas potencias europeas, como Francia e os países árabes. Para conseguir aliados no ataque, os representantes da diplomacia norteamericana chegaronlles a "prometer" ós seus aliados europeos privilexios na explotación do petróleo iraquí unha vez que acaben as sancións. De feito, desde o final da Guerra do Golfo moitas compañías petrolíferas asinaron acordos previos para a explotación destes depósitos, así como para a reconstrución e modernización das instalacións. A maioría destes acordos non se puideron implementar por mor do embargo decretado pola ONU. Aínda que en Estados Unidos a maioría da opinión pública non pon en dúbida a intención do seu Goberno de atacar a Iraq para "garanti-la paz mundial", moitas voces críticas lembraron o pasado empresarial do presidente George Bush e mais do vicepresidente Dick Cheney, principais promotores da doutrina da guerra preventiva. Bush comezou a súa carreira empresarial nos anos oitenta cunha empresa de prospección petrolífera en Texas. Na campaña presidencial de 2000, Bush foi o principal receptor das achegas económicas da industria enerxética, con máis de 1,8 millóns de dólares. Cheney tamén era asesor dunha multinacional petrolífera antes de chegar á Casa Branca.

**"Se as Nacións Unidas non poden cumprir co seu deber, se non teñen a firmeza necesaria para traballarmos xuntos para mante-la paz, e se Saddam Hussein non se desarma, no nome da paz, no nome da liberdade, Estados Unidos liderará unha coalición internacional e desarmaremos a Saddam Hussein."**

**GEORGE BUSH, PRESIDENTE DE ESTADOS UNIDOS**

**"A administración de Bush arríscase a destruí-las Nacións Unidas se ataca Iraq sen o apoio internacional."**

**NELSON MANDELA, EX PRESIDENTE DE SUDÁFRICA**



**"Non pode ser nin polo interese nacional estadounidense nin por interese mundial que se desenvolvan principios que lle outorguen a calquera nación un dereito ilimitado para realizar ataques preventivos contra ameazas autodefinidas contra a súa propia seguridade."**

(HENRY KISSINGER, EX-MINISTRO DE EXTERIORES DE EE.UU.)

O predominio absoluto de Estados Unidos na política internacional converteuno nun pai protector que vela polos intereses de tódolos cidadáns do mundo, sempre que estes coincidan cos intereses e coa seguridade dos cidadáns e das empresas norteamericanas. A radicalización na persecución contra os grupos terroristas internacionais e os ataques indiscriminados non deron ata agora ningún resultado evidente que poida garanti-la seguridade e a estabilidade mundial. Nin sequera dos cidadáns norteamericanos.

**"O Consello de Seguridade da ONU non é o lugar ó que se debería ir para aprender democracia, xa que hai cinco membros permanentes que son a aristocracia da ONU."**

(INOCENCIO ARIAS, XEFE DA MISIÓN ESPAÑOLA ANTE A ONU. ABC, 28-9-02)

A estrutura do Consello de Seguridade é herdada da Segunda Guerra Mundial. Os países ganadores estableceron unha orde internacional onde garantían que ningunha das potencias vencedoras puidese impoñerse sobre as outras. Por iso estableceron que no órgano máximo de decisión das Nacións Unidas haxa cinco países con dereito de veto: Estados Unidos, Gran Bretaña, Francia, Rusia e China. E é improbable que os outros 185 membros da ONU se rebelen todos xuntos e acaben cun privilexio que se alcanzou despois dunha guerra mundial que rematou hai case 60 anos.

**"A ONU infrinxiu a lei e castigou o pobo iraquí. Todos somos responsables das violacións dos dereitos humanos. O que está pasando en Iraq segue ó pé da letra a definición de xenocidio."**

(DENIS HALLIDAY, EX-COORDINADOR DO PROGRAMA DE AXUDA HUMANITARIA DA ONU PARA IRAQ)

Os máis de dez anos de sancións contra Iraq impostas polas Nacións Unidas converteron a poboación iraquí nunha das máis castigadas e maltratadas do mundo. As sancións contaron co apoio da maior parte da comunidade internacional, que considerou que a fame e a enfermidade do pobo iraquí podían desestabiliza-lo seu dictador. Pero non foi así. Hussein utiliza o victimismo e mailo drama do seu pobo para se consolidar como defensor do benestar do pobo iraquí fronte ás sancións e os ataques das potencias occidentais.

**"Ou aceptamos submisos a vasalaxe do mundo, ou consideramos como cidadáns críticos que este é un poder que xa non está respectando a democracia, nin as liberdades."**

(IGNACIO RAMONET, DIRECTOR DE LE MONDE DIPLOMATIQUE. LA VANGUARDIA, 29-9-02)

Para poder invertela tendencia belicista que Estados Unidos está impoñendo en toda a política internacional, cómpre que os cidadáns das principais potencias occidentais lles esixan ós seus gobernos unha acción internacional baseada na ratificación e no cumprimento dos acordos internacionais por parte de tódolos países membros das Nacións Unidas, así como a construción dunha cultura da paz que garanta os dereitos humanos, económicos e sociais de tódolos cidadáns do mundo.

## **NON** no noso nome

**"Not in our name". Non no noso nome.** Con este lema posicionáronse decenas de artistas e intelectuais norteamericanos que se negan a permitir que o seu Goberno promova guerras e sancións contra os cidadáns de calquera outro país do mundo. Ademais deles, milleiros de cidadáns saíron ás rúas nas cidades de Estados Unidos para dicir tamén "Non á guerra". Súmanse ó "Non" lanzado polo millón de persoas que participaron no Foro Social Europeo celebrado en Florencia no mes de novembro. En España, a Alianza de Intelectuais Antiimperialistas manifesta: "A guerra non é inevitable, como pretenden facernos cre-los seus promotores e beneficiarios. A guerra é o fracaso da política e mais da razón, a derrota de tódolos pobos que se ven envoltos nela". Asinan o manifesto José Saramago, Pilar Bardem, Carlos Taibo, José Sacristan e José Luis Sampedro, entre outros.

# Guía didáctica

## Guía didáctica

A proposta didáctica está dirixida ó alumnado de secundaria. Útil na área de sociais, de ética, en titorías, etc., e tamén para calquera docente interesado no tema. O obxectivo é recoñecer e identifica-la gran variedade de factores e actores que interveñen en calquera conflito armado, evitando así a simplificación maniquea a que nos teñen acostumados algúns medios de comunicación social.

AUTOR: FERRAN POLO

### Actividade nº 1

#### Análise de imaxes

**Obxectivo:** Aflora-los sentimentos xerados polas imaxes presentadas e descubrir que quen máis sofre os conflitos armados é a poboación civil.

**Orientacións:** Conviría facer reflexionar sobre qué supón ser refuxiado (ter que deixalo todo) e que tralas imaxes atraentes dos aparellos de guerra existe destrución, sufrimento e morte. Iso son «os danos colaterais», vergoñento eufemismo. A última foto permítenos reflexionar sobre a necesidade de que os que deciden escoiten a voz da cidadanía.

### Actividade nº 2

#### A herdanza histórica

**Obxectivo:** Descubrir que Iraq é un país con fronteiras artificiais que xurdiu da colonización, cos problemas internos que supón o feito de que estas fronteiras non coincidan coas das nacionalidades que abarcan.

**Orientacións:** O estudio do mapa do Iraq actual e dos diferentes tratados e pactos pode axudarnos a entende-lo drama do pobo curdo, dividido entre Iraq, Turquía, Siria e Irán, e o feito de que o conflito é rexional, de toda a zona, non só de Iraq. Existe un proxecto dunha nova reestructuración das fronteiras para resolver, por unha banda, a cuestión do petróleo e, pola outra, a cuestión palestina. Cómpre sinalarmos que as principais reservas petrolíferas están na zona sur, de maioría xiíta (coma en Irán), e no norte, de maioría curda (onde xa desde 1913 se sabe que hai petróleo). Non obstante, a maior parte da poboación é sunnita. Os dirixentes militares son maioritariamente sunnitas e, para manteren a unidade territorial, non dubidan en reprimir criminalmente os outros dous pobos, co apoio, ata hai pouco, dos que agora os acusan.

### Actividade nº 3

#### O petróleo: a herdanza xeolóxica

**Obxectivos:** Reflexionar sobre a importancia do petróleo nas nosas vidas e o perigo de dominación que supón o seu control. Recoñece-la necesidade de atopar fontes enerxéticas alternativas ó petróleo.

**Orientacións:** Ó estudia-lo mapa xeoestratéxico, conviría lembrar que tan importante é a extracción de petróleo coma o seu transporte e procesamento (véxase o Global Express sobre Afganistán). Non se busca unicamente obte-lo control dos depósitos, senón tamén dos oleodutos e gasodutos que aseguran a saída do petróleo (xa se empezou a construí-lo que irá parar ó sur de Turquía). En canto ás

enerxías alternativas ó petróleo, teríamos que preguntarnos se se investiga o suficiente e, se non é así, por qué non se fai (fundamentalmente sobre as enerxías baseadas no hidróxeno).

### Actividade nº 4

#### As contradicións nos xornais: unha actividade investigadora

**Obxectivo:** Iniciarse nunha lectura crítica dos medios de comunicación de masas

**Orientacións:** Conviría facer este exercicio de lectura comprensiva entre todo o grupo na clase. Podemos destacar que a noticia 2 e as noticias 7, 8 e 9 se contradín. A noticia 1 ten como novidade que o que todos xa sabíamos se confirmou, posto que o Pentágono tivo que xustificar ante o Congreso que esta desinformación non lle afecta ó interior do país. A noticia 2 procura distrae-la nosa atención dos verdadeiros motivos que teñen Estados Unidos e Gran Bretaña. A noticia 3 lévanos a volver falar do Consello de Seguridade das Nacións Unidas. De como Francia, China e Rusia se opoñen ás pretensións de Estados Unidos. Por un lado, porque estes países perderían parte do control xeoestratéxico, pero tamén porque o consorcio ruso LuKoil, a Compañía Nacional de Petróleo de China e a francesa TotalFinalElf teñen contratos de extracción do petróleo iraquí para cando se levante o embargo, extracción da que quedan excluídas as petroleiras norteamericanas e inglesas. Se entendemos iso, seranos máis fácil comprende-la noticia 4. As noticias 5 e 10 forman parte da estratexia informativa encamiñada a xustifica-lo ataque e o mantemento do embargo. A noticia 6 saca os trapos sucios dentro dos propios Estados Unidos (esta noticia apareceu unhas semanas antes das eleccións parciais). Non podemos pasar por alto que os actuais dirixentes de Estados Unidos forman parte do grupo de presión da industria petroleira.

### Actividade nº 5

#### Non a este prezo

**Obxectivo:** Descubrir que quen sofre as consecuencias deste conflito sobre o control do petróleo é a poboación iraquí, que sofre un embargo xenocida desde hai máis dunha década.

**Orientacións:** Traballo colectivo en grupo na clase comentando as diferentes informacións. Debemos considerar dereitos humanos básicos o dereito á sanidade, a unha alimentación correcta e á educación. O comentario sobre os dous cómics debe de servirnos como actividade avaliadora individual.

# Para saber máis... páxinas web:

Para saber máis... páxinas web:

## En español

[www.unesco.org/courier/2000\\_07](http://www.unesco.org/courier/2000_07)

[www.analisisinternacional.com/analisis/indexanalysis.html](http://www.analisisinternacional.com/analisis/indexanalysis.html)

[www.unicef.org/iraq/sit-sou-cen.html](http://www.unicef.org/iraq/sit-sou-cen.html)

[www.nodo50.org/csca](http://www.nodo50.org/csca)

[www.reliefweb.int/w/map.nsf/Home%3fOpenForm](http://www.reliefweb.int/w/map.nsf/Home%3fOpenForm)



**[www.IntermonOxfam.org/educacion](http://www.IntermonOxfam.org/educacion)**  
**Conéctate e descárgao gratuitamente.**

**Descubre Global Express**

Tus alumnos y alumnas podrán entender la realidad que va más allá de los medios de comunicación.

En Global Express encontrarás propuestas didácticas sobre temas de actualidad (Argentina, Afganistán, Irak, la Cumbre de la Tierra...)

**Global express** **Intermón Oxfam**

---PROYECTOS DE DESARROLLO ---EMERGENCIAS ---COMERCIO JUSTO ---MOVILIZACIÓN SOCIAL

Aquí vemos la pobreza Pero no vemos que la causa es la guerra.

Global Express pretende xerar preguntas entre os alumnos e as alumnas sobre o que contan os medios de comunicación. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que lles permita comprende-lo estado do mundo e, en especial, a situación do mundo en desenvolvemento.

Global Express é unha iniciativa de: Development Education Project (Reino Unido), Panos Institute (Reino Unido), Curriculum Development Unit (Irlanda), Centrum voor Mondiaal Onderwijs (Holanda), Centro Educazione Mondialità (Italia) e Intermón Oxfam (España).

Global Express está financiado pola Unión Europea.